CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVIII - Nº 206. Abril 2023. Distribución gratuíta

ASETEM organiza unha campaña para o Día da Nai 'Mímate mamá'

ASETEM - CCA organiza unha nova campaña para promocionar e impulsar as compras no comercio de proximidade durante as xornadas previas ao Día da Nai 'Mímate mamá'.

Esta campaña especial vaise realizar do venres 28 de abril ao propio domingo 7 de maio. Durante estes días os establecementos participantes terán varias papeletas para que a clientela poida entrar no sorteo dun dos seis vales de 100 euros para gastar en diferentes sectores. P3

EMPRESA
O Goberno aproba a reforma do sistema de pensións P6

MELIDE
A Festa do Melindre celebrarase os vindeiros días 13 e 14 de maio P13

LECER
O libro 'A nación dos mil viños', unha iniciación á cultura dos viños galegos e en galego P19

ENTREVISTA

Manuel Buján, Cociñas e Baños Buján P23

Xabier Díaz e Xisco Feijóo na XVI Foliada de Melide

Un ano máis a última fin de semana, Melide será o escenario da música, o baile e a tradición galega. A décimo sexta edición da Foliada de Melide xa conta con data e programación, o 29 e 30 de abril. P14

O municipio acolle o I Ciclo de Literatura no Camiño

José Manuel Villar, coordinador do Club de lectura As Gándaras, organiza a iniciativa I Ciclo de Literatura no Camiño para achegar aos grandes escritores aos concellos máis pequenos como é Melide. P21

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE
31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca
www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tribuna de opinión

Mamá!

Catro pezas de madeira que representan os ventres de alugueiro. / Foto: Isotock

Se hai un tema do que todo o mundo fala nas últimas semana é a "maternidade" de Ana Obregón. Este caso suscitou un debate adormecido en España, os ventres de alugueiro.

Antes de comezar o debate é importante ter presente que ser nai ou pai non é un dereito senón un desexo. Un desexo que se está a converter nun negocio no que os futuros pais e nais poden pagar entre 50.000 e 200.000 euros dependendo do país que se escolla para levar a cabo este proceso. Entre a persoa xestante e os solicitantes dese ventre de alugueiro normalmente hai miles de quilómetros e unha industria creada que lles proporciona aos pais ou nais todo o necesario para facer realidade o seu desexo a cambio dunha retribución económica.

Unha sentencia do Tribunal Supremo do ano 2022 considera que a actividade dos ventres de alugueiro "entraña un dano ao interese superior do menor e unha explotación da muller que son inaceptables". Un embarazo provoca na muller uns cambios hormonais, psíquicos e físicos, un proceso moi complexo e duro polo que algunhas persoas pasan por necesidade económica.

Por outra banda están os dereitos dos menores, acaso alguén pensa nas necesidades e circunstancias polas que terá que pasar nuns anos?

Está claro que o sistema ou, máis ben, os tempos de adopción en España deben ser revisados para que esas persoas que desexan ser nais ou pais poidan facelo dándolle unha nova oportunidade ás crianzas que, polo motivo que fose, non teñen familia.

O fin non xustifica os medios, estamos falando de seres humanos. Unha persoa nunca vai cubrir o oco nin a ausencia doutra, cada un e unha somos únicos e irrepetibles.

Editorial

Axudas para ricos

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Unha persoa sostendo moedas nunha e outra man. / Foto de arquivo

Uns días atrás, despertabamos coa nova de que varios conselleiros e a voceira da oposición da Asemblea de Madrid estaban cobrando unha axuda sobre a electricidade por ser familia numerosa. Só cómpre ter sentido común par saber que esas persoas non necesitan, neste momento, recibir ningún tipo de axuda dada a súa boa situación económica.

Podemos pensar dúas cousas: por unha banda, que estas persoas que solicitaron dita axuda teñen escasa empatía polo resto da cidadanía e se aproveitan dun baleiro legal para beneficio propio, mentres tanto, representan nunha institución pública a parte da súa veciñanza. Por outra banda, parece inexplicable que a lei poida permitir que persoas que non precisan destas axudas económicas as reciban e, pola contra, outras familias que están nunha situación límite non reciba esa axuda necesaria.

Un informe publicado en decembro de 2022 amosa que o 20% da poboación con rendas máis altas recibiron máis do 30% das transferencias públicas.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia , Vanesa de Quinzán e CEIP de Arcediago
AGRADECEMENTOS: Pilar López e Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....11
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- ENTREVISTA.....23

ASETEM organiza unha campaña para o Día da Nai 'Mímate mamá'

ASETEM - CCA organiza unha nova campaña para promocionar e impulsar as compras no comercio de proximidade durante as xornadas previas ao Día da Nai 'Mímate mamá'.

A entidade comercial volve facer unha forte aposta para unha nova edición da iniciativa de promoción arredor do Día da Nai, que se vai celebrar o vindeiro domingo 7 de maio. Esta campaña especial vai-se realizar do venres 28 de abril ao propio domingo 7 de maio. Durante eses días nos establecementos asociados a ASETEM e participantes nesta actividade con cada compra os consumidores e consumidoras poderán cubrir unha papeleta (indicando nome, apelidos e teléfono) para entrar no sorteo de 6 vales de compra por valor de 100 euros cada un, é dicir, a Asociación empresarial da comarca repartirá 600 euros entre a clientela para esta campaña. Para que poida repercutir este premio en todos os sectores posibles, cada vale estará dedicado a un eido: vale número 1, moda e complementos (dende roupa, calzado, bolsos ata gafas); vale número 2, beleza (artigos e servizos relacionados coa beleza como poden ser salóns de peiteado ou centros de estética); vale número 3, xoias; vale número 4, descanso, decoración e informática (dende artigos de decoración, electrodomésticos, produtos de descanso, informática, flores ou prantas, etc); vale número 5, bebida e alimentación; e por último, vale número 6, ocio e servizos (incluídos servizos de logopedia, odontoloxía, etc).



Parte do cartel para promocionar a campaña do Día da Nai que se celebrará nas vindeiras semanas. / Foto: ASETEM CCA

Dende ASETEM fan fincapé en que a iniciativa do Día da Nai sempre é unha das que mellor funciona comercialmente polo que merece a pena facer unha boa aposta económica como é o sorteo de 6 vales de 100 euros para incentivar á veciñanza e persoas de concello próximos a mercar os seus agasallos para esta xornada tan especial nos establecemento de Melide. Ademais, no municipio poderás atopar regalos de todo tipo dende benestar, beleza, téxtil, calzado, gastronomía, viñoteca, electrodomésticos, descanso, viaxes, xoias, flores, informática e moito máis.

Como xa é habitual nas campañas da entidade empresarial, os comercios locais terán varias caixiñas con pequenos doces dentro para agasallar á clientela, unha maneira máis de agradecer aos consumidores e consumidoras que aposten por mercar e consumir en Melide.

O sorteo desta iniciativa do Día da Nai 'Mímate mamá' realizarase o vindeiro mércores 10 de abril pola mañá a través das redes sociais e a páxina web de ASETEM - CCA. Unha vez coñecidos os nomes dos gañadores ou gañadoras dende a entidade poñeranse en contacto con eles ou elas para recoller os vales de 100 euros e gastalos nos establecementos asociados.

Por parte da directiva de ASETEM queren facer fincapé na importancia de que os negocios da localidade participen nesta campaña do Día da Nai 'Mímate mamá' para que poida ter unha maior repercusión e ser unha chamada do comercio local unido para que a poboación se anime a vir e mercar en Melide nunhas datas de incremento do gasto.

Balance moi positivo no comercio e a hostalería durante esta Semana Santa

A Praza do Convento chea de xente durante unha das procesións de Semana Santa. / Foto: Turismo Melide

O comercio e a hostalería de proximidade de Melide fan un balance moi positivo deste Semana Santa.

Durante estas xornadas festivas foron moitas as persoas que escolmaron Melide como o seu lugar de destino, o que axudou a que os establecementos locais fixeran unha boa semana de vendas e ocupación, o que dá moi boas sensacións para recibir a próxima época estival por excelencia, o verán.

Esta Semana Santa contou cunha ampla programación no municipio, especialmente no ámbito relixioso, e tanto a veciñanza como os visitantes acudiron en mansa para desfrutar deses días especiais.

Os responsables dos comercios e locais de hostalería confían en que estas boas xornadas animen á xente a visitar Melide tamén nos meses de verán e xunto co fluxo de peregrinos e peregrinas facer das vindeiras semanas unha boa época.

A Plataforma Autovía Por Melide publica unha revista

A portada da revista publicada pola Plataforma en marzo. / Foto: Cerne

A Plataforma Autovía Por Melide publica unha revista na que fai un repaso pola historia da organización.

No mes de mazo repartiuse pola vila unha publicación na que agradecen á veciñanza, así como a persoas concretas (como é o caso de Pepe Blanco) a axuda prestada durante os anos de pleno traballo da Plataforma para que se fixera realidade o paso da Autovía que une Lugo e Santiago por Melide.

Na revista recóllense varias noticias e fotografías da época que resumen o paso do tempo e os acontecementos xurdidos durante eses anos.

A campaña Pepa, Pepe e Papá repercute no comercio de proximidade da vila

Cristina Mato durante o sorteo da campaña do Día do Pai. / Foto: Cerne

A campaña Pepa, Pepe e Papá da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide repercute positivamente no comercio de proximidade da vila durante a súa realización.

ASETEM fixo o sorteo dos tres vales de 100 euros para gastar nos comercios locais. Nesta iniciativa participaron todas as persoas que realizaron as súas compras nas tendas asociadas e que cubriron as papeletas da campaña. O vídeo do sorteo pódese ver nas redes sociais (facebook, instagram e twitter) e na páxina web de ASETEM - CCA.

Dende a directiva agradecen a participación dos comercios e da clientela.

O paro baixa na comarca no mes de marzo en dezaoito persoas

Un mural con diversas persoas diferentes na fila do paro. / Foto de arquivo

Neste mes de marzo baixa o paro na comarca da Terra de Melide en dezaoito persoas. Se debullamos os datos por concellos queda do seguinte xeito: Melide conta con 11 desempregados menos e acada o total de 297, Santiso reduce en 6 persoas o paro e queda con 51, Sobrado pasa de 45 a 39 desempregados o que son seis menos e, por último, Toques marca a excepción xa que aumenta en 5 as persoas no paro. O comezo da tempada alta para o camiño de Santiago e a proximidade da Semana Santa son factores a ter en conta.

Novos tratamentos en Meixela Centro de Estética para o coidado da pel

O persoal do centro aplicando estes novos tratamentos á clientela para mellorar o coidado e aspecto da pel, na primeira o carbón activo, na segunda os ácidos e na terceira o lifting code. / Fotos: Meixela

Meixela Centro de Estética estrea novos tratamentos para un mellor coidado da nosa pel.

Este establecemento de proximidade, situado na Rúa Rosaleda en Melide, conta con novas como: o Carbón Activado FHOS, o Lifting Code e os ácidos.

Carbón Activado FHOS é un tratamento facial que utiliza carbón activado como ingrediente principal. Este ingrediente é moi eficaz para eliminar as impurezas e o exceso de graxa da pel, o que a converte nunha excelente opción para tratar problemas como o acne ou a pel oleosa.

Ademais, ao ser un ingrediente natural, o carbón activado é moi seguro e suave coa pel, polo que é unha opción moi adecuada para todo tipo de pel.

O tratamento de carbón activado FHOS fíxose moi popular entre os famosos polos seus excelentes resultados, e xa se coñece como "o tratamento de Hollywood" sinalan dende Meixela. A maiores, animan a "probar este tratamento e experimentar de primeira man os seus beneficios en Meixela".

Por outra banda, están os ácidos que son unha das ferramentas máis eficaces no mundo da estética e neste centro contan cos seguintes: A20p para tratar problemas de hiperpigmentación, cicatrices e controlar a aparición de microbios na pel; hiperpigmentación K33P, manchas na pel madura e estrías; T50T35, é ideal para áreas escuras como olleiras, axilas, ingle, hiperpigmentación postinflamatoria; e, por último, T35P recoméndase para signos de idade, melasma e cicatrices. "Este tratamento tópico permitirache contar cunha pel radiante", fan fincapé as profesionais en estética de Meixela.

Para rematar, este establecemento local conta co tratamento Liftingo Code conta cunha acción lifting - recheo que realza o aspecto do rostro e do pescozo. Grazas a este tratamento, segundo afirman dende Meixela Centro de Estética, "a pel luce máis compacta, tonificada e elástica para unha apariencia perfecta e xuvenil ".

O Goberno do Estado aproba a reforma do sistema público de pensións en varias fases

Dúas pequenas figuras de dous pensionistas sentadas encima de varias moedas. / Foto: iStock

O Goberno do Estado vén de aprobar, no Consello de Ministros e Ministras, o Real Decreto-lei para a reforma do sistema público de pensións en varias fases logo de chegar a un acordo cos sindicatos UGT e CCOO.

A principal medida é a reforma do sistema de cálculo para a pensión. Dende o 1 de xaneiro de 2026 e ata o 2044, incluído, o sistema de cálculo para as novas pensións será dual: compartirán espazo o sistema actual (calculado sobre os último 25 anos) pero que dende 2041 subirá 6 meses por ano, e o novo modelo que implica calcular os mellores 27 anos cotizados dos últimos 29. A Seguridade Social escolmará cal dos dous é máis beneficioso para o pensionista.

A partir de 2044, ano de implantación definitivo do novo sistema, xa non haberá posibilidade de escoller e utilizarase para todos a fórmula dos 27 anos con maior cotización dos 29 últimos. Os meses non cotizados deses 29 anos contabilizaranse ata 48 coa base mínima e o resto ao 50% desa base por regra xeral.

Por outra banda, modifícase o cálculo das bases (a base máxima de cotización subirá cada ano co IPC) e engade ou sobe algúns impostos (como no caso das persoas que máis cobren terán que pagar máis impostos).

Ademais, nesta norma establécese o complemento da fenda de xénero (que está vixente mentres as diferenzas entre as pensións de homes e mulleres superen o 5%) irá ligado ao IPC e que se subirán, entre 2024 e 2025 un 10% extra. Dende a CIG critican, entre outras cuestións, que este modelo de pensións non resolve a fenda de xénero e sinala que “as pensións das mulleres galegas son un 34% más baixas que as dos homes. As medidas desta reforma non dan solución”.

Para rematar, subirase a pensión mínima de xubilación para maiores de 65 anos cun cónxuxe a cargo. O obxectivo desta medida é que, coas revalorizacións anuais do IPC, se acade o umbral da pobreza para fogares con dous adultos.

As xerentes das Asociacións de Comerciantes de Galicia reciben formación especializada

Os e as xerentes que acudiron a recibir o diploma da formación impartida dende novembro. / Foto: Xunta de Galicia

Os e as xerentes das Asociacións de Comerciantes de Galicia, entre as que se atopa ASETEM - CCA, recibiron dende o 7 de novembro ao 13 de febreiro unha formación especializada para contribuír a reforzar a competitividade do comercio galego.

O pasado 28 de febreiro, o director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia, fixo entrega dos diplomas do curso de dixitalización, vendas e promoción en espazos comerciais no que participaron medio cento de empregados e xerentes dos centros comerciais abertos galegos. No caso da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide participaron nesta formación: Pilar López e Cristina Mato.

A maiores dende a Xunta sinalan que se destinan “2,25 millóns de euros para os CCAs, que contarán con axudas de ata 52.000 euros, en función do número de comercios asociados apoiando así ás asociacións que atraen un maior número de negocios”. Entre as actuacións subvencionables atópanse as campañas de promoción e dinamización.

Casa Mejuto crea un novo licor de ron añejo dominicano

A nova botella de crema de ron añejo dominicano. / Foto: Casa Mejuto

Casa Mejuto crea un novo licor, o de ron añejo dominicano.

República Dominicana é o lugar escolmado para traer o ron añejo ata Melide e crear o novo licor de Casa Mejuto. “Coñecedores do agradable sabor desta bebida e das boas migas que fai coas bases lácteas, decidimos probar e tras uns cantos meses de experimentación o noso novo sabor é xa unha realidade”, comentan dende o establecemento local.

Ademais, en Casa Mejuto fan fincapé en que: “como todas as nosas elaboracións, trátase dun produto sen ingredientes artificiais. A base alcohólica únese á láctea sen máis aditivos nin compoñentes co resultado dunha crema natural.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

ópticastábora

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

FALTAN 45 DÍAS PARA O CAMBIO

ACTO COMARCAL DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATOS DO PARTIDO POPULAR DE MELIDE, TOQUES E SANTISO

DÍA: Sábado, 15 de Abril

Lugar: Casa da Cultura de Melide

Hora: 21:00 h

pp | MELIDE ENTRE TODOS

Adiante Melide!

José Manuel Pérez Penas

Dixemos e fixemos:

+ OBRAS E SERVIZOS

- **RURAL:** Actuamos en 52 pistas, con predominio do aglomerado en quente, cun investimento total de 1,2 millóns de euros.
- **CASCO URBANO:** Máis de 18 actuacións que suman 2,6 millóns de euros. Mateo Segade Bugueiro, Camiño Real, Campo Grande, Rúa Ourense, Rúa Uruguai, zona comprendida entre Rúa Rosalía de Castro e Avenida da Habana, Rúa San Pedro e Principal, entre outras.
- Novo céspede no Campo de Fútbol Municipal.
- Creación de Sendas Peonís: Martagona-Furelos e Folicheiro. Comezan as obras na de Sabián.
- Creación de aparcadoiros públicos na Avenida da Habana, rúa México e do Castelo.

+ CULTURA

- Recuperamos a Foliada de Melide.
- Recuperamos a festa patronal, o San Pedro.
- Desenvolvemos campamentos durante as vacacións escolares para facilitar a conciliación familiar e laboral.
- Creamos Ciclos Culturais para público adulto e infantil: Outono Cultural, Verán Cultural, Nadal Cultural, Ciclos de Teatro, entre outros.
- Un Nadal cheo de actividades e cunha espectacular iluminación.

+ SOCIAL

- Implementamos o Servizo de Madrugadores.
- Implementamos o Programa Xantar na Casa.
- Desenvolvemos o Servizo de Atención Temperá.
- Incrementamos as horas do Servizo de Axuda no Fogar.
- Implementamos o Sistema Vioxén de axuda a vítimas de violencia de xénero.
- O Concello foi recoñecido a nivel estatal polo seu forte investimento educativo.

+ COMERCIO E PROMOCIÓN TURÍSTICA

- Impulsamos as Tarxetas *Merca en Melide* para axudar o comercio e a hostalería durante a pandemia.
- Promocionamos Melide a nivel nacional e internacional con presenza en feiras e revistas internacionais, como Fitur e Festur, entre outras.
- Creamos campañas para potenciar os Domingos de Melide, a hostalería, os comercios e a restauración.
- Deseñamos guías turísticas e rueiros.

+ PARTICIPACIÓN E TRANSPARENCIA

- Creamos o servizo *INFOMELIDE* de información municipal á veciñanza a través de whatsapp.
- Creamos a aplicación móbil do Concello de Melide.
- Retransmitimos en directo as sesións plenarias e fixemos pública toda a información relativa aos procesos selectivos de emprego municipal.

Melide no bo camiño

Gobernando para tod@s

2019/2023

+ Obras e inversións:

Rural

Urbano

Saneamento

Equipamento

+ Deportes:

Campo de Fútbol



Polideportivo

Pistas Pádel

Pistas Polideportivas

Sendas

Andainas

Centro Deportivo

+ Educación, política social e cultura:

+ Infraestruturas e urbanismo:

Parque empresarial

Novo solo industrial

PSG PSOE Melide

+ para Melide

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Teléfono:
642 007 210

LOGOPEDIA E ORTODONCIA

A logopedia é unha disciplina sanitaria que, polas implicacións que ten o seu traballo sobre funcións como a mastigación, a deglutición ou a fonoarticulación (entre outras), está intimamente relacionada con outras profesións que ás veces a sociedade non se espera.

Moitas veces, chegan a consulta pacientes derivados de especialidades como otorrino, medicina interna ou odontoloxía que non chegan a entender moi ben a razón de precisar logopedia, sempre coa premisa de que a sociedade en xeral pensa que o principal traballo da logopedia é a fala.

Así chegamos a un campo dentro da logopedia que é a motricidade orofacial, do que xa teño falado noutras ocasións. Neste caso centrámonos nos casos de ortodoncia.

Hai persoas que acoden a ortodoncistas para mellorar a colocación das pezas dentarias e se atopan con que son derivadas a logopedia. A razón son determinadas alteracións na deglutición que van condicionar o éxito do tratamento con aparellos de ortodoncia.

Que pasa nestes casos? O máis habitual é que estas persoas fagan unha valoración de logopedia e descubran que colocan mal a lingua no momento de tragar ou incluso a posición de repouso da lingua non sexa a adecuada. Algo que pode parecer un hábito ou un aspecto insignificante, supón que o crecemento craniofacial da persoa estea alterado e que a mordida se vexa condicionada pola presión que poida facer a lingua contra as pezas dentarias.

A posición natural da lingua tanto en repouso (cando non falamos nin comemos) como durante a deglutición de alimentos é colocada contra o padal duro. Nestes casos de alteracións, a lingua presiona contra as pezas dentarias ou incluso chega a interpoñerse entre as pezas dentarias superiores e inferiores facendo que se abra a mordida no momento de tragar. Tendo en conta que esta alteración está presente cando tragamos sólidos, líquidos, pero tamén saliva e tendo en conta que chegamos a tragar saliva entre 600 e 1000 veces diarias, este pequeno hábito é o suficientemente relevante como para condicionar a mordida. Ademais, en contra do que poida parecer, a lingua é un dos músculos máis fortes que temos no corpo, xa que pode mobilizar óso (as pezas dentarias e/ou a mandíbula).

Polo tanto, a logopedia encargarase de analizar as alteracións presentes e cambiar o patrón deglutorio a un adecuado, coa lingua na posición correcta, que faga que as presións dentro da cavidade oral se equilibren e o crecemento das estruturas sexa o adecuado. Unha vez conseguido este patrón poderase asegurar que o tratamento con aparellos de ortodoncia non se verá condicionado e se poida recolocar a mordida. Aínda que hai casos leves, nos que o traballo sobre a musculatura e a función sexa suficiente para que a mordida se restaure a unha situación normal, o habitual é que ortodoncistas e logopedas debamos facer traballo conxunto e coordinado para que a persoa recupere a posición dentaria.

Como vedes, non todo é fala; tratamos trastornos do máis variado.

Tres nun matrimonio

Ao pouco tempo de separarse, Ladi Di concedeu unha entrevista á BBC na que falaba, entroutras cousas, das infidelidades do seu marido. Daquel momento televisivo -un dos máis icónicos do audiovisual anglosaxón-, saíu aquela emblemática frase que dicía: "eramos tres en ese matrimonio, unha multitude".

O paso dos anos foi facendo evolucionar a sociedade e tamén as múltiples formas de amor e de parellas que agora se estiman "normais". Tanto é así que hai un factor do que ninguén fala especificamente, que non é noticia nin tema de conversa nunca, pero que eu estou vendo presente como denominador común nun elevadísimo número de relacións. Un elemento que é a terceira persoa dos matrimonios, das parellas e das relacións de amizade, o amante silencioso que vai gañando terreo e ao que permitimos avanzar sen darnos conta de que dinamita o espazo común e único no que debería medrar o amor de só dous. Ese elemento é o teléfono móbil.

Di un dito que empezas a ser vello cando tes máis paixón polo que xa pasou ca ilusión polo que está por vir, e se cadra ese é o termómetro que mide que estou nese punto. O certo é que percibo con morriña o tempo no que eramos capaces de manter unha conversa e soportar os silencios, propios e alleos, sen que pasase nada. Esperar unha consumición nun bar ou nun restaurante só coa presenza da persoa que nos acompañe, sen a necesidade de sacar un móbil do peto para afogar o silencio, o tempo que media entre tema e tema, que vén sendo a oportunidade de escoitar, de deixar falar a vida, de non nos aletargar co empantallamento.

A presenza dos móbiles, e a necesidade urxente de consultalos seguido cando estamos acompañados -xa non falemos de cando estamos sós- fala da nosa pobreza humana, de como desprezamos o que temos diante sen darlle valor ao aquí e ao agora.

Dicía Sabina nunha canción aquilo de que "el tiempo de los besos y el sudor es la hora de dormir". Tristemente, a evolución da xestión do noso tempo de lecer está levando a que nas camas matrimoniais (por non falar xa das dos adolescentes) o último que se mira polas noites e o primeiro que se ve polas mañás é a pantalla do teléfono móbil, que nos conecta con miles de persoas nun escaparate virtual ao tempo que nos desconecta directamente da persoa coa que durmirmos. Sabemos todo dos xornais dixitais, das rede sociais, do que se fala no mundo, pero descoñecemos moitas veces por que non durme, por que cala ou que sente quen temos a carón.

Houbo un tempo no que se falaba nas salas de espera, nos ascensores, nos autobuses e nos parques. Falaba a xente unha con outra e non tiñamos medo nin ao silencio nin a oír aos demais.

Ese tempo pasou, e agora, a terceira do matrimonio de Ladi Di está a piques de converterse en raíña de Inglaterra, mentres que o móbil se converteu xa no rei do pouco tempo libre que tiñamos para falar coa xente que temos ao lado. Longa vida á república.

Vanesa de Quinzán

Rematan as obras de mellora da estrada N-547 ao seu paso polo concello melidá

Visita das autoridades ao inicio das obras na N547. / Foto: Subdelegación do Goberno

Rematan as obras de mellora da estrada N-547 ao seu paso polos concellos de Melide (entre os quilómetros 47,400 e 49,480) e Arzúa (entre os quilómetros 62,240 e os 64,300). Este proxecto de conservación e mantemento contou cun presuposto de 493.179 euros financiado polo Goberno do Estado.

Tal e como afirmou a subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, "estas obras eran unha antiga demanda destes dous municipios veciños, xa que se trata dunha estrada que soporta unha media de 8.000 vehículos ao día". Esta estrada viu o seu tráfico incrementado, especialmente, dende a apertura de parte da Autovía A-54. Ademais, fixo fincapé en que "esta actuación era unha débeda histórica con estes dous municipios e que coas obras xa iniciadas, por fin quedará saldada".

Esta actuación incluíu o fresado e reposición da capa de rodadura das zonas sen erros estruturais do firme e unha rehabilitación estrutural completa da sección firme, naquelas zonas que presenten peor estado, onde se fresou o pavimento da estrada e estendéronse novas mesturas bituminosas. Para rematar, repoñerase toda a sinalización horizontal afectada polos traballos de rehabilitación do firme.

O proxecto contempla unha vez finalizado unha mellora tamén na seguridade vial por onde hai bastante tránsito da veciñanza e de peregrinos.

Melide licita as obras de mellora de pavimentación de núcleos rurais

Unha maquinaria traballando no asfaltado dunha pista. / Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide vén de aprobar, en Xunta de Goberno, a licitación por procedemento aberto simplificado das obras de mellora da pavimentación de varios núcleos rurais do municipio. As obras forman parte da segunda fase do POS + AD 2/2022 da Deputación da Coruña. O orzamento destas obras ascende a 344.579,14 euros, IVE incluído.

As intervencións localízanse en aldeas do: Barreiro (Mato), San Salvador (Goxán e Andeán), Grobas (Formigueiro), Moldes (Vilar e Trasfontao), acceso a Zaramil pola zona da Martagona, accesos á Cooperativa e a Rúa Marqués Mariano.

O domingo 23 de abril o municipio celebra unha nova edición do Xantar de Irmandade

Centos de persoas o ano pasado no Pazo de Congresos celebrando o Xantar de Irmandade. / Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide organiza unha nova edición do Xantar de Irmandade da Terceira Idade o vindeiro domingo 23 de abril.

Esta comida xa é toda unha tradición na comarca e este ano espérase aínda con máis ganas. Para participar neste xantar de irmandade só é preciso pasar a recoller as entradas ao Centro Social (no momento da recollida as persoas interesadas deben levar o seu DNI).

A programación desta edición é: ás 13:00 horas misa na Igrexa Parroquial, ás 14:00 horas xantar no Pazo de Congresos de Melide e, por último, ás 16:00 comeza o baile con orquestra.

A ANPA do CEIP Martagona demanda un patio cuberto

A Asociación de Pais e Nais do CEIP Martagona demanda un patio cuberto para que o alumnado poida xogar no exterior durante a temporada de inverno, cando a meteoroloxía é adversa.

Dende a ANPA Cerne de Galicia levan meses esperando unha resposta da Consellería de Educación ás necesarias demandas que presenta o centro educativo en materia de infraestruturas. Durante o recreo dos meses de inverno o alumnado vese obrigado a xogar nas aulas, "o que ocorre cos nenos e nenas na nosa escola nos recreos de inverno vai non só en contra do sentido común, senón contra o propio desenvolvemento psicosocial e psicomotor que se sobreentende nunha escola", indicou Gloria Corral, presidenta da ANPA nunhas declaracións ao xornal La Voz de Galicia.

Esta demanda non é nova, xa que a directiva do centro educativo solicitou, sen éxito, a través da memoria de Programación Xeral Anual, dende fai máis de dez anos a construción dun patio cuberto para que o alumnado poida desfrutar do seu tempo libre no exterior. Dende o colectivo de pais e nais manifestan que a creación dun patio cuberto é unha petición razoable que "dende o punto de vista urbanístico non suporía un problema, ao estar o centro construído nun solar de máis de 8.000 m2, dos cales están libres máis de 7.000 metros, actualmente en desuso". Unha necesidade que precisa dunha solución urxente por parte da Administración.

A Festa máis doce de Galicia celebrarase os días 13 e 14 de maio

A Festa máis doce de Galicia, a do Melindre e a repostaría tradicional, celebrarase no municipio os vindeiros sábado 13 e domingo 14 de maio.

O alcalde do Concello de Melide, José Manuel Pérez, o concelleiro de promoción económica, Xosé Igrexas, Alberto Rodríguez, melindreiro e presidente da Asociación Melide Terra Doce, e Kike Piñeiro, embaixador do melindre, presentaron en Santiago o pasado xoves 30 de marzo a trixésimo primeira edición da Festa do Melindre e da repostaría tradicional.

Para comezar, o cociñeiro Kike Piñeiro manifestou que "non podo describir a felicidade que supón para min para min ser embaixador dun produto que me gusta tanto. Ser embaixador do melindre non é só un ano por iso en abril levamos este doce a Fuerteventura e a finais de ano esperamos levalo a Holanda".

José Manuel Pérez, alcalde da vila, desvelou o nome do pregoeiro deste ano que será o melidá Manuel Pampín, xornalista da Televisión de Galicia recentemente xubilado. Por outra banda, comunicáronse os embaixadores e embaixadoras deste ano que serán: Andrés Torreiro, cociñeiro; Patricia López, futbolista, Anxo Castro, atleta; Casa Santos, Casa Mejuto, Viñoteca Ribeirao, Casa Juanito e Manuel Pampín.

De seguido foi a quenda de Alberto Rodríguez, xerente da Cafetería e Pastelería Estilo e presidente da Asociación Melide Terra Doce, comentou que "a Festa non se pode celebrar unha fin de semana, se non ten un percorrido maior". Neste eido Rodríguez fai fincapé na necesidade de promocionar os doces da repostería tradicional do municipio durante todo o ano con accións como as que se realizan nos centros educativos e de formación. "Pensamos que non só os futuros profesionais teñen que descubrir este produto. Outro público fundamental, son os nenos, por iso despois de Semana Santa levaremos os melindres ás escolas, para que os desfruten, os toquen e elaboren Melindres. Esa é parte da nosa labor como divulgadores e promotores deste produto noso", indica Alberto Rodríguez.

Kike Piñeiro, Xosé Igrexas, José Manuel Pérez e Alberto Rodríguez na presentación da festa. / Foto: Concello de Melide

Para debullar a programación da trixésimo primeira Festa do Melindre a Repostaría Tradicional, tomou a palabra o concelleiro de promoción económica, Xosé Igrexas, quen comentou: "tócame presentar a programación. Esta programación é literalmente un mar de doces que vai salpicar de actividades a nosa rúa". Dende o Concello para a promoción desta Festa realizaron un vídeo publicitario no que repite a idea do mar de doces nunha conversa entre amigos.

Un ano máis, nesta fin de semana habilitaranse tres espazos para as actividades, postos e actuacións arredor do melindre a repostaría tradicional: o espazo amendoado (Cantón de San Roque), rico (Praza das Coles) e melindre (Praza do Convento).

Para comezar a Festa do Melindre o sábado 13 de maio haberá animación de rúa a cargo da charanga BCB, o Mago Antón, un showcooking do restaurante Ceibe (estrela Michelín 2023), masterclass de xeados, sesión de coctelería amenizada con música en directo a cargo de Nadia Snib e obradoiro para os máis cativos, dirixido polo cociñeiro Manuel Garea, titulado: 'Os doces de Melide na repostería creativa'; para participar nesta actividade é necesario anotarse no Departamento de Cultura ou chamando ao 981505003, extensión 5. Ademais, a partir das 11:00 horas abrirán no espazo melindre os postos dos melindreiros e melindreiras, tamén o farán no espazo amendoado os postos da Feira de Artesanía de Galicia.

O domingo 14, día grande da Festa, ás 11:00 horas apertura da Feira, ás 11:30 horas animación de rúa con Zes Pereiras e Froito Novo, ás 12:00 será o nomeamento de embaixadores e embaixadoras no espazo melindre e lectura do pregón a cargo de Manuel Pampín, ás 13:00 horas volve a animación de rúa, ás 17:30 actuación infantil 'Peter punk e o neno imperdible' (un espectáculo de circo, malabares, música ao vivo e humor), ás 18:00 peche da Feira e ás 19:00 horas no espazo rico un concerto gratuíto da cantautora galega, Sés, que presenta o seu oitavo disco 'Diante un eco' no que fai referencia á concepción cíclica da historia, tristemente avalada pola deriva sociopolítica dos nosos días.

Unha fin de semana chea de actividades para poñer o melindre e a repostaría tradicional no mapa.

Cartel da 31ª Festa do Melindre o 13 e 14 de maio. / Foto: Concello de Melide

Xabiez Díaz e Xisco Feijóo forman parte da XVI Foliada de Melide

Un ano máis a última fin de semana, Melide será o escenario da música, o baile e a tradición galega. A décimo sexta edición da Foliada de Melide xa conta con data e programación, será o sábado 29 e domingo 30 de abril e contará con diversos grupos de música e baile tradicional que farán esas xornadas inesquecibles.

A Foliada de Melide é unha cita ineludible para os amantes da música e o baile tradicional galego, unha fin de semana na que se achegan á vila centos de persoas de diferentes puntos de Galicia e inclusive España para desfrutar da nosa cultura. Nesta edición, presentada o pasado 22 de marzo na Praza do Convento pola concelleira de cultura, Mayka Basalo xunto co alcalde, José Manuel Pérez, e un dos grandes músicos do país, Xabier Díaz, haberá unha ampla programación para toda a familia.

Como xa é tradición, a troula comezará cos Cantos de Taberna o sábado pola mañá no que diversos grupos de música tradicional percorrerán os establecementos de hostalería da zona dos viños dende as 12:00 horas. Os grupos anotados para esta edición son: Son de Lugh, Casi os mellores, Familia Rois, Os amigos de túa prima, Os rexoubeiriños, Os tabernos, Son de gaita, Os do fondo da barra, Rondalla moraima, Cantadoras e cantadores do Balado, Vaiche boa, Rebuldaina, Nó cómbaro, A casa da troula, Píllame o punto, Vaidebares, @s pantox@s, Peis d'hos, Reviravolta, 7 Ferrados e Viute o demo. Cada formación terá vinte minutos para actuar en cada taberna.

Pola tarde, o Serán correrá a cargo de Xisco Feijóo, cantante, bailador, mestres e coreógrafo, que achegará a súa particular visión da música tradicional cun toque de modernidade.

Xabier Díaz (músico galego), Mayka Basalo e José Manuel Pérez (membros da corporación local). / Foto: Concello de Melide

Tamén participarán, como cada ano, grupos e músicos de toda a comarca da Terra de Melide e doutras localidade galegas para que a veciñanza e visitantes poidan desfrutar da música e o baile tradicional.

O domingo 30, a sesión vermú correrá a cargo de Acordeireta, o dúo de acordeón e pandeireta formado por Patricia González e Alejandro Balbuena. A continuación, haberá unha actuación infantil de a Mamá Cabra e Bellón Maceiras. A maiores, presentarase o libro 'Concha de Luneda' de Xerardo Santomé e actuará a Banda de Gaitas de Queiroa.

A actuación estrela desta décimo sexta edición será a de Xabier Díaz e as Aldufeiras de Salitre, once mulleres que coa percusión e voces acompañan ao recoñecido músico dende hai oito anos. Ademais, Xabier Díaz na presentación manifestou o gran vínculo emocional que o une a Melide dado que a súa primeira actuación, a estrea, que realizou con Xacarandaina foi na Praza do Convento da localidade. Logo, "no 2016 na Foliada de Melide fixen o primeiro concerto oficial xunto coas Aldufeiras de Salitre e lémbroo con moito cariño, Melide é un lugar moi especial para nós", fai fincapé Díaz neste repaso da súa vinculación coa vila. Este mestre da música tradicional galega estreou o disco en solitario 'Levantarse e caer' a pasada primavera, onde atopamos temas como 'Regalitos'. Xabier Díaz tamén fai fincapé en que "no noso país falta festas e foliadas integradoras que sexan interaxeacionais"

Un ano máis, a Foliada compleméntase con mostras de artesanía e animación de rúa durante as dúas xornadas. Outras actividades que non poden faltar nesta cita da cultura tradicional galega son os obradoiros de baile, un para a poboación infantil e outro para a adulta.

Mayka Basalo, concelleira de cultura do Concello de Melide, afirmou durante a presentación do cartel que esta edición da Foliada "promete ser moi especial" e congregará "moitos foliadeiros e foliadeiras".

Basalo tamén fixo referencia ao labor histórico da Asociación O Castelo, organizadores da Foliada dende o ano 2005 ata o 2018, amosando a súa satisfacción por contar en Melide con asociacións e grupos así que "traballan a prol da nosa cultura e da nosa tradición" polo que "sempre estaremos en débeda pola gran labor que levaron a cabo todos estes anos e por iso sempre manteremos o seu traballo, faremos que a Foliada de Melide siga medrando e siga a ser a mellor mostra mostra da nosa música". Ademais, Basalo aproveitou para agradecer o traballo de todas esas persoas que non se ven pero que fan posible a Foliada como son os diversos voluntarios que "ano tras anos fan que siga existindo esta festa que é parte do noso patrimonio inmaterial".

O cartaz deste ano non deixa indiferente a ninguén, a concelleira de Cultura comenta que "espero que ao velo sentirades o mesmo que nós, que mellor maneira de representar a Foliada, como unha festa que uniu xeracións e persoas independentemente das súas diferenzas, unha festa da que todos e todas nos sentimos parte".

A maiores, xa se coñece tamén o deseño das camisetas e suadoiros da Foliada que se poderán no posto da organización durante o 29 e 30 de abril na Praza do Convento ou previamente. Para mercar ou reservar as camisetas e suadoiros é necesario chamar ao número de teléfono 604 05 05 83 ou a través do correo electrónico serigrafia.anic@gmail.com, o prezo é de 12 euros no caso das camisetas e de 25 euros para os suadoiros.

A fin de semana do 29 e 30 de abril, Melide volverá ser o centro neurálxico da música e o baile tradicional galego o que repercutirá tamén na economía local, coa chegada de centos de visitantes os comercios, a hostalería e restauración verán aumentada a súa actividade o que non deixa de beneficiar a todo o pobo.

Para rematar, dende o Concello fan un chamamento á participación na XVI Foliada de Melide e agradecendo a labor das persoas que fan posible a gran festa melidá da cultura tradicional, unha das máis destacadas do panorama galego.

16 FOL
MELIDE
29/30 abril 2023
cantos de taberna melide
SÁBADO 29
SERÁN
XISCO FEIJÓO
DOMINGO 30
ACORDEIRETA
SESIÓN VERMÚ
MAMÁ CABRA E
BELLÓN MACEIRAS
ACTUACIÓN INFANTIL
XABIER DÍAZ
& ADUFEIRAS DE SALITRE
deseño: creación animal
instagram.com/foliadamelide
facebook.com/foliadamelide
foliadamelide@gmail.com
Concello de Melide
Deputación DA CORUÑA
ARTESANÍA
ANIMACIÓN DE RÚA
OBRADOIROS

IMPRENTA Meligraf

- Impresión Offset
- Impresión Digital
- Acabados

Teléfono/ Fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

HC 96

Hotel Carlos
Restaurante
Melide

Tlf/Fax: 981 50 76 33
gestion@hc96.com
www.hc96.com

Grupo García

central@grupogarcia.org
www.grupogarcia.org

García industrias cárnicas

Distribuímos calidad para toda Galicia

Sala de despiece
y almacén frigorífico

Ctra. del Meire - Furelos
15800 MELIDE (A Coruña)

981 81 54 00
981 81 53 06

INDUSTRIA DEL MUEBLE VISANTOÑA

"En Muebles Visantoña levamos máis de 50 anos no sector do mueble, facemos o teu armario ou vestidor a medida coa distribución que a ti che guste. Amoblamos o teu hotel, albergue, piso turístico e moble do fogar"

Vilar de Ferreiros, s/n
VISANTOÑA - 15808
Santiso (A Coruña)
981 51 07 13

O alumnado do Obradoiro de Emprego realiza tarefas xardinería en Sobrado

Alumnado do Obradoiro realizando tarefas de xardinería no núcleo urbano en Sobrado. / Foto: Concello de Sobrado

O alumnado do Obradoiro de Emprego de Terras da Montaña, que se leva a cabo entre os Concellos de Sobrado, Curtis e Vilasantar, realizaron tarefas de xardinería e forestais no núcleo urbano do municipio de Sobrado.

As vinte persoas que forman parte deste Obradoiro fórmanse nas especialidades de xardinería e forestais que poñen en práctica nas zonas verdes públicas dos tres concellos que organizan esta actividade educativa.

Grazas a esta iniciativa de formación, os tres municipios poden contar cunha axuda extra para poñer a punto os seus espazos públicos para desfrutar a veciñanza e que o alumnado poña en práctica os seus coñecementos adquiridos.

O servizo 'Coidados porta a porta' visita Santiso en abril

Cartel do servizo 'Coidados porta a porta' que visitará Santiso. / Foto: X.Galicia

O servizo 'Coidados porta a porta' do Sergas volverá visitar Santiso os días 20, 21 e 24 de abril para atender as persoas maiores de 60 anos en ámbitos sanitarios como a estimulación da memoria, podoloxía e audioloxía.

Para empregar este servizo gratuíto é preciso pedir cita previa nos teléfonos: 622 748 283 e 623 546 992. A unidade móbil cos tres profesionais sanitarios de estimulación da memoria, podoloxía e audioloxía, estará situada na Praza do Centro de Saúde en Arcediago en horario de 9:00 a 20:00 horas.

O sábado celébrase o segundo campionato de pesca tradicional no Río Furelos e pescan o campano deste ano do río de case dous quilos

A primeira imaxe é o cartel do segundo campeonato de pesca tradicional deste sábado 15 de abril. A segunda imaxe Antonio González co campano do Furelos. / Foto: Asociación de Troiteiros do Río Furelos

Este sábado, 15 de abril, celébrase o segundo campionato de pesca tradicional no Río Furelos.

Esta competición terá tres gañadores e levarán trofeo e máis un premio. Non obstante, todas as persoas participantes conseguirán agasallos.

As prazas para participar neste campionato de pesca tradicional son limitadas polo que é preciso anotarse con antelación no 696 27 89 77 ou no 636 69 21 88, o prezo da inscrición son 50 euros e se algún participante leva acompañante para o xantar serán 23 euros máis.

Noutra orde de cuestións, Antonio González Mejuto pesca a cebo natural o campano do Río Furelos, unha troita de 57 centímetros e 1,950 quilos. Un gran exemplar para abrir a nova tempada de pesca neste río da comarca. Dende a Asociación de Troiteiros do Río Furelos manifestan os seus parabéns a Antonio Gónzalez por pescar o campano deste ano.

O BNG de Santiso presenta a súa candidatura para as eleccións do vindeiro 28 de maio

O candidato á alcaldía, Manuel Adán, rodeado do seu equipo para as eleccións do 28 de maio. / Foto: BNG Santiso

O Bloque Nacionalista Galego presenta a súa candidatura para as próximas eleccións municipais do 28 de maio con Manuel Adán como candidato á alcaldía.

Dende o BNG da localidade presentan esta lista como "un grupo de veciños e veciñas que fai máis de dez anos gozan da confianza dos santiseses e santisesas. Anos nos que cremos que este equipo demostrou con garantías ter a capacidade de diálogo necesaria, posuír o poder de dar estabilidade ao concello, sempre co obxectivo en mente de mellorar os servizos públicos e a calidade de vida da veciñanza, manexar un bo trato directo e fluído coa veciñanza e, sobre todo, a condición de saber ver e escoitar as necesidades de todos e todas".

O candidato Manuel Adán intentará gañar as eleccións municipais en Santiso por cuarta vez consecutiva. "Son moitos os avances en materia de infraestruturas, así como os proxectos sociais desenvolvidos e dos que se beneficia hoxe en día a nosa veciñanza, xunto coa posta en marcha de iniciativas culturais e deportivas pioneiras que fan do noso municipio un referente neste eido", fan fincapé dende o BNG de Santiso sobre o seu paso polo Concello.

"Estamos orgullosos e orgullosas de que o noso proxecto siga sumando caras novas. Aproveitamos para agradecerlles a confianza e somos conscientes de que lle darán un novo pulo a este propósito común que non buscar outra cousa máis que seguir mellorando a vida dos e das habitantes de Santiso. Súmanse pois, veciños e veciñas das diferentes parroquias dos concello que destacan pola súa valía e por ser persoas comprometidas co municipio e que por riba de todo, posúen a responsabilidade necesaria para representar os intereses da veciñanza", comentan dende o grupo político nacionalista para presentar as novas incorporacións á lista da candidatura coa que intentan gañar a confianza da veciñanza.

“O libro pretende ser unha iniciación á cultura do viño galego”

- Que contades na publicación ‘A nación dos mil viños’?

- Martiño Santos: O que fixemos foi intentar agrupar e sintetizar de maneira pedagóxica unha serie de información útil para adentrarse no mundo do viño en xeral. O libro pretende ser unha iniciación á cultura do viño, á proba sensisorial e despois todo isto está centrado no panorama concreto dos viños galegos. Digamos que é unha publicación que nos serve para saber de viños galegos, aprender a catar e ter coñecementos da cultura do viño en xeral.

- Non hai por que ter coñecementos previos para ler o libro?

- M.S: As persoas que xa teñen un coñecemento previo encontran no libro cuestións interesantes pero é certo que está pensado ou ten o esquema dun curso de iniciación de cata, arredor dos catro elementos que inciden no proceso de elaboración do viño e que inciden no seu gusto que son: o solo e as zonas xeográficas onde están as viñas, o clima, as variedades de uva, o factor humano e cultural. Insisto neste libro hai coñecementos de maneira xenérica para calquera viño como xa contextualizado nos viños galegos para coñecer diversas variedades, influencias, zonas xeográficas, solo, etc. Tamén serve para coñecer viticultores e marcas de viño. Toda a publicación parte un pouco dunha visión positiva dos viños galegos e da súa historia, xa que temos séculos con moitas más produción da que existe hoxe en día e con notable éxito internacional, dado que os viño galegos chegaron a América e a toda Europa durante todo o período moderno despois da expansión do viñedo na Idade Media. Parecíanos que así como noutras zonas teñen toda a área o mesmo tipo de solo ou traballan un número moi reducido de variedade de uva e polo tanto non dá para ter unha visión global do viño; no caso de Galiza parecíanos un sitio perfecto para introducirse no mundo do viño porque con máis de 70 variedades de uva, tres mesuclimas distintos e distintos tipos de solo daba para comprender e aplicar os coñecementos a calquera outra parte do mundo. O aspecto máis novo do libro é atopar estes contidos en galego, cun estilo propio e que procede dunha experiencia nosa en ‘Vide, Vide’ en Santiago e de catas con persoas que participaban por primeira vez.

A portada do libro ‘A nación dos mil viños’ de Martiño Santos, Xosé Gontá e Toño Núñez. / Foto: Xulio Pérez

- Dá a sensación de que nos últimos anos aumentou o interese polo mundo do viño?

- M.S: Si, o interesante é a evolución da xente no tema do viño que pasa do consumo como un produto máis que bebes tragas e vía para pasar a ter interese polo que hai detrás. Isto é moi interesante porque lle concede o valor real ao viño. Non estamos falando dunha bebida que se fai calquera día do ano nun tanque mesturando auga con outros compoñentes, senón que é un produto que sae dunha froita que vendimas unicamente unha vez ao ano e que é resultado dun traballo agrario, dunha paisaxe, tradición familiar e que ten unha historia de século detrás. É certo que a xente se está interesando máis por todo o que hai detrás do viño e por aprender, non consumir por consumir. Coñecer o viño axúdanos a coñecer a nosa propia xeografía, paisaxe e historia.

- Galiza está moi ligada coa cultura do viño?

- M.S: Efectivamente, moi ligada. Hai probablemente unha crenza xeral de que partimos dunha época porque é que recordamos nós ou os nosos pais e avós, tres ou catro xeracións atrás, que foron épocas difíciles para os viños galegos. Non obstante, a partir dos anos 80 do século pasado houbo un rexurdimento que nos leva ata hoxe, onde todo o mundo oíu falar da revolución dos viños galegos. Descoñecemos moito o que hai detrás, nós somos unha zona produtora de viño histórica que ademais forma parte da historia do viño europeo, dende o primeiro momento, con absoluta normalidade en relación coas zonas que consideramos boas e afamadas.

- Por que Galiza en concreto é un rexión tan boa para a viticultura?

- M.S: Estamos nunha área climática que, a pesares de existir unha certa idea de que como aquí chove moito non é boa zona para a vide, estamos nunha área de influencia atlántica que compartimos con zonas moi afamadas de Europa como Burdeos. É certo que esta zona de influencia atlántica é un pouco máis difícil para o cultivo da vide polas circunstancias climáticas pero precisamente dende hai décadas hai unha revalorización dos climas un pouco máis complexos porque a maduración é máis lenta, o que permite conservar mellor os aromas e que exista unha acidez natural, o que axuda á conservación do viño durante máis anos. É dicir, ten unha serie de beneficios unha maduración lenta que fai que os viños sexan máis vivos e interesantes na actualidade para moitos especialistas e expertos. Neste tipo de climas cando tes añadas especialmente boas, no sentido de que consegues completar ben as maduracións, tiveches unha maduración lenta pero ao mesmo tempo completa que fai que sexan anos nos que nas zonas atlánticas saen grandes viños que se desfrutan ao longo de moitos anos.

- Como están respondendo os lectores e lectoras aos contidos?

- M.S: Nós estamos moi contentos e agradecidos porque foi un esforzo de creación deste contido que nos parecía necesario. Imos estrear a terceira impresión do libro e a resposta, en canto a que suscitou interese, pareceunos evidente e satisfactoria. Logo, pasado o tempo recibimos comentarios moi positivos tanto de xente profesional do sector como persoas que non estaban próximos ao sector.

O domingo chega a nova proba deportiva da contorna: 'Desafío Cerne. Os dous camiños'



Un dos fermosos tramos polos que pasarán os participantes do Desafío Cerne deste domingo. / Foto: Desafío Cerne

Este domingo, 16 de abril, chega a nova proba deportiva da contorna: 'Desafío Cerne. Os dous camiños'. Unha iniciativa organizada pola Asociación Deportiva Cerne que comezará ás 9:00 horas dende o Cantón de San Roque en Melide.

Os participantes, ata o momento de impresión do Cerne 211, recorrerán un dos dous percorridos da proba que transcorrerá polos concellos de Melide, Toques e Palas de Rei. A ruta curta ten unha distancia de 35 quilómetros e 805 metros de desnivel positivo, a longa ten 63 quilómetros e 1840 metros de desnivel positivo.

Tal e como sinalan dende a organización, todo o percorrido estará correctamente sinalizado con balizas e frechas, reforzando con cinta de cores. As frechas situaranse nos cruces máis "conflitivos" e naquelas zonas que conten cunha dificultade técnica elevada (descenso perigoso, zona rochosa, ...). Para que a proba se desenvolva o mellor posible, haberá voluntarios debidamente identificados que axudarán aos participantes a seguir o trazado da proba; cando se crucen estradas de maior tráfico, esta labor levarana a cabo membros de Protección Civil.

Para poder participar nesta proba é preciso ter pagado a inscrición e contar cun equipamento mínimo composto de: bicicleta BTT en bo estado, bidón ou mochila de hidratación, por motivos de seguridade dende a organización recomendan levar teléfono móbil, é obrigatorio o uso de casco durante toda a proba, o dorsal deberá ser visible na parte frontal da bicicleta e, por último, a organización non se fai responsable de ningún obxecto perdido nin de ningunha avaría, reparación ou roubo durante o transcurso da proba.

O 'Desafío Cerne. Os dous camiños' contará con dous avituallamentos (un líquido e outro sólido) na distancia curta e catro na longa (dous líquidos e dous sólidos) no percorrido longo. Na meta (Cantón de San Roque) tamén haberá avituallamento sólido e líquido para todas as persoas participantes. Ademais, ao final da ruta haberá servizo de duchas e lavado de bicicletas, próximo ao Pavillón Polideportivo do municipio, onde se habilitarán tamén as duchas.

A entrega de dorsais efectuarase no Cantón de San Roque (lugar de saída) o sábado, 15 de abril, de 16:30 a 21:30 horas e o domingo, propio día da proba, de 7:30 a 8:30 horas. Para recoller os dorsais é necesario que as persoas participantes ensinen o DNI para identificarse.

Para calquera dúbida ou solicitude de información poden contactar coa Asociación Deportiva Cerne no correo electrónico: adcerne@gmail.com ou no 601 65 08 50.

O alumnado de Escola Ayude consigue bos resultados nas competicións de escolares de loita e na Copa de Europa Dutch Open YOKOSO con Aron Ayude

Na primeira imaxe, o alumnado máis novo da Escola Ayude coa súa adestradora Cora Ayude. Na segunda imaxe, Aron Ayude coas copas conseguidas na última competición europea. / Foto: Escola Ayude

O alumnado de Escola Ayude (Santiso) consigue bos resultados nas competicións de escolares de loita e na Copa de Europa Dutch Open YOKOSO con Aron Ayude.

Por unha banda, na Xornada Norte de Loitas Olímpicas en idade escolar celebrada en Lugo, na que competiron máis de 200 nenos e nenas de 7 clubs do norte de Galicia co obxectivo de buscar a clasificación para a final da liga galega. A Escola Ayude acudiu co equipo dirixido por Cora Ayude e Nerea Cabo, conseguiron o 2º posto e clasificarse para a final. O futuro está garantido.

Pola outra banda, Ámsterdam foi escenario da Copa de Europa Dutch Open YOKOSO, Copa de Europa do circuíto mundial Wako. Aron Ayude intentou subirse ao podio nas tres probas de tatami nas que competiu e finalmente conseguiu subir ao máis alto nas modalidades de light contact e kicklyght. Grazas a esta boa actuación, Aron Ayude consegiu dous ouros e amosa o seu bo estado físico para os próximos obxectivos nacionais e internacionais.

I CICLO CULTURAL LITERATURA NO CAMIÑO

“Os obxectivos desta iniciativa son: achegar ós grandes escritores a concellos pequenos e que os lectores coñezan aos autores e autoras”

- Estas inmerso nun gran proxecto cultural chamado o I Ciclo Cultural Literatura no Camiño, como xorde esta idea?

- José Manuel Villar (coordinador do Club de Lectura municipal ‘Gándaras’): A idea ten como punto de partida a creación fai algún tempo dos clubs de lectura municipais que coordino nos concellos de Melide e Arzúa con 46 inscritos entre os tres grupos existentes. Esta gran base lectora amosa o enorme interese que hai nestes concellos pola literatura e a cultura en xeral.

Se a isto lle engadimos que no IES de Melide existe outro club de lectura dende fai tempo e que teño certa experiencia na presentación de autores e actos literarios, creo que se dan as coordenadas perfectas para impulsar este ciclo literario.

- En que consiste esta iniciativa?

- J.V: En acercar ós grandes escritores da literatura galega ós concellos pequenos. En que as presentacións de libros de autores relevantes, sen menoscabo do resto, non se limiten ás grandes cidades. En situar concellos como o de Melide neste caso no punto de mira das grandes editoriais.

- Pódesnos adiantar algún escritor ou escritora que vaia vir a Melide?

- J.V: Podo adiantarvos xa todo o cartel porque veño de rematalo e cerralo cos editores e os propios escritores. Este primeiro ciclo celebrarase integramente en Melide pero espero e desexo que se asente definitivamente nun formato aínda por perfeccionar e que teña continuidade en Arzúa para, precisamente, potenciar a Literatura no Camiño.

Parte do cartel coas presentacións que quedan por celebrarse no Ciclo de Literatura no Camiño. / Foto: Jose Manuel Villar

O venres 24 de marzo presentei o libro de Antonio Tizón “Lobos doentes”. Francisco Castro con “A historia de Sara” será o seguinte convidado o 21 de abril. En maio dúas presentacións: o 5 Carlos Meixide e a súa novela “Viva a Comuna”, e o 17 de maio, e coincidindo co segundo encontro de autores melidenses, Malores Villanueva falaranos da súa biografía “Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia”. Pecharemos este primeiro ciclo literario con Fina Casalderrey e a súa nova novela para adultos “A muller xabaril”.

O lugar escolmado para estas presentacións é a Sala de Conferencias do Edificio Multiusos (xunto a Biblioteca Municipal Xosé Vázquez Pintor).

- Cal é o obxectivo deste Ciclo Cultural Literatura no Camiño?

- J.V: Ademais do comentado con anterioridade de acercar ós grandes escritores galegos a concellos máis pequenos, potenciar a lectura en galego, contribuír a que os lectores coñezan de preto os autores das obras que len, que poidan preguntarlle, falar con eles, que o público en xeral asista e se fomente a lectura, e por consecuencia que as librerías melidenses tamén vendan libros potenciando o comercio local. Finalmente, dar a coñecer Melide doutro xeito diferente.

- Por que é importante a existencia deste tipo de proxectos culturais?

- J.V: Por moitos motivos que podo demostrar. Concellos como Melide e Arzúa necesitan de todo tipo de proxectos que atraian o interese dos veciños e da xente de fora. Sobre todo nuns intereses nos que a futura autovía pode influír negativamente á hora de visitalos. Hai que potenciar outros actos e actividades paralelos ó propio Camiño de Santiago: festas gastronómicas e musicais, actividades deportivas e culturais, etc.

A cultura é fundamental no proceso de formación dun pobo, dalle identidade, e a lectura é un dos piares sobre os que se debe asentar. Lembrade aquela frase de “Un pobo que le é un pobo culto, un pobo culto é un pobo libre. Un pobo que non le está condenado á extinción”.

- Algo máis que queiras engadir?

- J.V: Rematar invitando ós veciños e veciñas a participar nos clubs de lectura e que valoren este tipo de actividades. Poño un exemplo do importante que é ter un club de lectura en Melide para quen ten interese pola lectura: en Arzúa teño unha rapaza que se despraza dende Lalín. Asiste relixiosamente ás sesións co que conleva de tempo e gastos de desprazamento, e todo porque en Lalín, concello máis grande que o de Arzúa ou Melide non ten club de lectura.

Invito a todo o mundo a asistir ás presentacións sexan ou non lectores e que vexa o que se fai e o que se fala. Coñezo o caso dunha persoa que me dixo un día nunha presentación na Coruña, “eu apenas leo, pero encántame oír falar ós escritores, escoitar as súas historias”. É algo que pode gardar similitude coa literatura oral e que forma parte do patrimonio cultural galego.

José Manuel Villar, coordinador do club de lectura. / Foto: La Voz de Galicia

MERCAR EN MELIDE
SEMPRE É UN ACERTO

O COMERCIO LOCAL,
PRETIÑO DE TI

ASETEM CENTRO COMERCIAL ABERTO

MANUEL BUJÁN, COCIÑAS E BAÑOS MANUEL BUJÁN

“No comercio de proximidade o boca a boca é a publicidade primordial para o bo e para o malo”

Cociñas e Baños Manuel Buján é unha empresa local cunha ampla traxectoria profesional que co paso do tempo foi medrando grazas ao seu bo traballo e á confianza da clientela. A competencia das grandes superficies non o pon sinxelo pero o asesoramento e a atención personalizada son algunhas das características que marcan a diferenza e fan que o comercio de proximidade sexa a elección correcta.

- Os oficios como o voso están en auxe debido ao pouco relevo xeracional e isto dificulta tamén atopar xente para traballar, é así?

- Manuel Buján: Si, nestes sectores atopar xente para traballar é complicado pero teño que dicir que nós niso sempre tivemos moita sorte porque atopamos grandes persoas para incorporar ao noso equipo. Agora mesmo, temos traballando a un rapaz novo, a maiores do noso fillo, que é moi traballador, responsable e encantador.

- Por que se debe caracterizar unha traballador deste sector?

- M.B: Profesionalidade e ter don de xentes que é moi importante porque o 90% da nosa clientela son particulares e ti vas a súa casa, a xente ábreche as portas do seu fogar polo que tes que ser moi responsable, ter conexión con eles e traballar ben, iso está claro.

- A atención ao público de xeito tan directo imaxino que non sempre será fácil.

- M.B: Non é fácil porque actualmente non temos o mesmo contexto nin situación que hai anos. A día de hoxe a xente máis nova, sobre todo, vén á tenda con moita preparación e ideas, sabe perfectamente o que quere e isto fai dez anos non sucedía. Obviamente, temos que adaptarnos aos tempos e ao que a clientela demanda.

- Cal e a situación actual do sector?

- M.B: Dende a pandemia está pasando unha boa situación porque durante meses estivemos encerrados nas casas e fíxonos dar conta de todas as cousas que faltaban e outras zonas necesitaban amaños ou darlles un cambio radical directamente.

Unha das cociñas realizadas polo equipo de traballo da empresa de Manuel Buján. / Foto: Cociñas e Baños Buján

- A suba de prezos afectouvos moito?

- M.B: A suba de prezos claro que afecta porque a xente ve que todo sube: a cesta da compra, a gasolina, a hipoteca, os alugueres etc. E entón ti daste conta de que o diñeiro que ías destinar a reformar a cociña ou o baño, ou a cambiar as portas pois ves a túa capacidade adquisitiva diminuíu e igual invertes menos.

- E parte dos materiais incrementouse considerablemente?

- M.B: Si, os presupostos que lles damos á clientela agora van co tempo moi xusto porque hoxe douche un prezo de dentro dunha semana xa non che vale para nada. É certo que parece que a cousa se vai estabilizando un pouquiño pero aínda así nun período dun mes xa che pode caducar o prezo, non é coma antes que podías dar un presuposto a longo prazo pero é que agora os prezos están sempre á alza.

- E a clientela como reacciona a estes prazos?

- M.B: Ben, a xente é unha marabilla. As persoas adáptanse con facilidade a todas as circunstancias polo que nese caso é unha marabilla tratar con elas.

- Para un negocio local como o voso o “boca a boca” é a mellor publicidade.

- M.B: Si, totalmente. Está moi ben internet e as redes sociais pero para nós o “boca a boca” é o primordial para o bo e para o malo. Aquí temos familias que viñeron os avós, os pais e agora xa veñen os netos. E iso é mostra de que se van pasando o legado por dicilo dalgunha maneira do noso traballo. Para nós estas situacións son moi gratificantes porque significa que nos teñen en conta. Os particulares que confían no noso facer é son os que nos manteñen aquí. Estamos moi agradecidos a toda esa xente que leva tantos anos confiando en nós.

- Que vos diferenza das grandes superficies?

- M.B: Os pequenos comercios témolo moi complicado para competir coas grandes superficies porque elas contan con márketing e prezo que os establecementos locais non podemos ter. Porén, creo que no comercio de proximidade se dan outras moitas cousas que as grandes superficies non poden dar e que son moi importantes como a atención totalmente personalizada, esa confianza entre traballadores e clientela, o asesoramento, ... e isto nas empresas multinacionais non o fan. Nós se fai falta imos un domingo á casa dun cliente para medir ou asesoralos porque eles nos piden que queren que estean os fillos diante ou os netos, este trato humano só se atopa nunha tenda de proximidade. Os comercios locais ofrecémoslles todas as facilidades que están nas nosas mans á xente porque ao final dependes dese traballo para seguir adiante. Pódenos parecer que son cousas pequenas pero realmente é o que marca a diferenza e no momento dunha reforma ou doutro traballo a clientela é o que máis valora.

- Sodes unha empresa con moitos anos de traxectoria.

- M.B: Con trinta e un anos de traxectoria. Empezamos nun baixo da vivenda, compartiamos no mesmo espazo carpintería e vivenda, despois fixemos unha nave para carpintería e máis adiante compramos un baixo para a exposición. Todo foi unha evolución cara arriba no que todas as persoas que traballaron con nós tiveron o seu papel importante porque sen eles sería impensable estar aquí e tamén grazas aos clientes.

- Como viviches ti a evolución ao longo destas tres décadas?

- M.B: Eu percibina ben, foi un avance en moitas cousas dende en deseños ata en materiais ou colocación. A xente adaptámonos uns aos outros perfectamente na evolución que teñen as cousas. As tendencias cambiaron si e non porque todo volve, é moi cíclico. Nesta zona aínda gusta moito a madeira dun xeito ou outro pero gusta porque estamos nun territorio no que temos este material moi arraigado. É certo que agora se levan outros remates ou xa non tanto a madeira barnizada e máis alacada pero o material preferido non deixa de ser a madeira.

Cociñas e Baños Manuel Buján
Avenida de Lugo, 99
15800, Melide
Tlf: 981 50 74 21

CERNE

Cerne 206. Abril 2023

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora